

Instituto da Lingua Galega

Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
(+34) 881 812 815
ilgsec@usc.gal

LINGUA VIVA. AVISO LEGAL

FINALIDADE, TITULARIDADE E ACCESO

A finalidade de Lingua Viva é proporcionar, nun único sitio web, un portal para a realización, difusión e promoción de proxectos de Lingüística Cidadá. Lingua Viva permite publicar artigos divulgativos na sección Queres saber? (de aquí en diante artigos), propoñer experimentos perceptivos na sección Pon a orella! (de aquí en diante experimentos), recoller fala oral na sección Fala ao teu xeito! (de aquí en diante proxectos) e elaborar dicionarios na sección Tes a palabra! (de aquí en diante dicionarios). É preciso realizar un rexistro de acceso, que lle permite ao/á usuario/a investigador/a acceder á consulta dos artigos, experimentos, proxectos e dicionarios publicados, enviar comentarios, suxestións ou propostas de investigacións e mais elaborar dicionarios na sección Tes a palabra!

Lingua Viva é un sitio web de titularidade da Universidade de Santiago de Compostela, do Instituto da Lingua Galega e do Grupo de investigación FILGA (GI-1743). A web e os seus contidos están protexidos polos dereitos de propiedade intelectual (artigos 95 e seg. da Lei de Propiedade Intelectual). Determinados contidos poderán poñerse a disposición baixo a licenza creative commons que se indique.

O usuario ou usuaria poderá efectuar os actos necesarios para o acceso á aplicación e para a posta en marcha e elaboración de dicionarios ou para a proposta de artigos, proxectos e experimentos, así como para dar respostas aos proxectos e experimentos, colaborar nos dicionarios públicos ou colaborativos ou facer comentarios ou suxestións sobre os dicionarios, artigos, proxectos e experimentos. Con todo, non se poderán efectuar:

- a. Actos que sexan contrarios a unha explotación normal da ferramenta ou que lesionen inxustificadamente os intereses lexítimos de quen sexa titular dos dereitos.
- b. A subida de arquivos de son, imaxe ou texto para os que o/a usuario/a non teña permiso de uso, nin o acceso a dicionarios, proxectos ou experimentos doutros/as usuarios/as sen permiso previo por parte daqueles/as.
- c. A posta en circulación dunha ou máis copias do código da aplicación sen autorización do seu titular.
- d. A utilización da aplicación para fins comerciais.
- e. A utilización de calquera instrumento ou dispositivo técnico para suprimir ou neutralizar a protección do sistema informático.

Instituto da Lingua Galega

Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
(+34) 881 812 815
ilgsec@usc.gal

- f. Calquera outro acto prohibido pola lexislación de Propiedade Intelectual (Real Decreto Lexislativo 1/1996 de 12 de abril).

Non se necesitará a autorización do titular:

- a. Cando se realiza un uso ordinario e para fins privados.
- b. Cando a utilización se realice con fins educativos ou para a investigación científica, sempre e cando se cite a fonte. O usuario ou usuaria debe citar sempre Lingua Viva como ferramenta empregada para a realización de dicionarios ou como sitio web a través do que se accedeu a artigos, proxectos e experimentos, seguindo a forma de cita especificada en cada sección de Lingua Viva.
- c. Cando se trate dunha utilización para fins de seguridade pública ou a efectos dun procedemento administrativo ou xudicial.

O acceso a determinados servizos (creación de dicionarios, participación colaborativa en dicionarios, proxectos e experimentos, envío de suxestións e comentarios) está supeditado ao rexistro da/o usuario/a, quen debe proporcionar datos lícitos e veraces durante o correspondente proceso, así como facer un uso persoal, intransferible e confidencial da clave de acceso.

O titular do sitio web reserva para si o dereito de denegar o acceso ao usuario ou usuaria que incumpra as advertencias legais e as condicións de uso que se especifican neste aviso legal, así como de emprender as accións legais oportunas para defender os seus dereitos.

OUTROS DEREITOS

Os dereitos de propiedade intelectual referentes aos contidos descritivos do sitio web, o software subxacente (incluído o código fonte), o deseño gráfico, así como os diferentes elementos que integran o sitio web (signos distintivos, contidos e imaxes) corresponden á USC, quedando prohibida a súa reprodución parcial ou total sen consentimento do seu lexítimo titular.

PROTECCIÓN DE DATOS

O acceso a determinados servizos de Lingua Viva (posta en marcha e colaboración en dicionarios, participación en proxectos e experimentos, así como envío de comentarios e suxestións) require a identificación previa do usuario ou usuaria. Ademais, nos proxectos de Fala ao teu xeito! ou nos experimentos de Pon a orella! poderase solicitar ás persoas usuarias información adicional como idade, lingua habitual, xénero etc.

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recadados serán incorporados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no tratamento “Actividades relacionadas coa investigación, difusión e consulta de datos



Instituto da Lingua Galega

Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
(+34) 881 812 815
ilgsec@usc.gal

sobre lingua galega levadas a cabo no Instituto da Lingua Galega (ILG)”, cuxa finalidade é a investigación e difusión do coñecemento da lingua galega.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela con domicilio social na Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, correo electrónico: protecciondatos@usc.gal

Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico dpd@usc.es

A licitude deste tratamento baséase no consentimento da persoa interesada.

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC en <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos que non formen parte da prestación do servizo público bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en

<https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>

Sen o consentimento previo para o tratamento dos datos, os servizos que requiran identificación ou autenticación previa non serán accesibles.

EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADE

Tanto o acceso a ese sitio web como o uso que se poida facer da información contida nel é responsabilidade exclusiva do/a usuario/a.

O titular non se responsabiliza do contido ou dereitos de uso dos textos, audios, ligazóns ou imaxes subidos ao sitio web polos usuarios e usuarias.

O titular non responderá de ningunha consecuencia, dano ou prexuízo que se puidese producir no equipo do/a usuario/a como consecuencia directa ou indirecta do acceso a este sitio web.

Así mesmo, a USC queda eximida de calquera responsabilidade derivada do mal funcionamento do sitio web que teña a súa orixe nunha circunstancia accidental, forza maior, traballos necesarios de mantemento ou calquera outra causa, así como de eventuais erros e inexactitudes que puidese conter o sitio web.

Instituto da Lingua Galega

Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
(+34) 881 812 815
ilgsec@usc.gal

Co obxecto de facilitar información adicional ao usuario ou usuaria e ampliar os recursos ao seu dispor, Lingua Viva inclúe ligazóns a terceiros sobre os que non ten ningún control, polo que declina toda responsabilidade sobre o estado da conexión de acceso, o contido ou as condicións de uso. En caso de acceder a estas ligazóns, o usuario ou usuaria actuará baixo a súa responsabilidade e nas condicións e termos ás que estean suxeitos cada un deses recursos.